



# Concello da Coruña

Area / Unidade TRIBUNAL DO PROCESO C.E.21/18 FRR	Documento GEY18I01DV	
Código de verificación  6N0K 2N53 0K2I 5O11 0TF9	Expediente 108/2021/2227	
	Data 15-10-2024	

## TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLO QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE MOBILIDADE (SUBGRUPO A1), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (C.E. 21/18).

O pasado 27 de setembro publicouse na páxina web do Concello da Coruña a listaxe coas respostas correctas do primeiro exercicio da fase de oposición.

Concedeuse un prazo de 5 días hábiles para a formulación de alegacións ao cuestionario tipo test.

Presentáronse en tempo e prazo dúas (2) solicitudes con alegacións a nove (9) das preguntas.

Tras as deliberacións do Tribunal e a estimación ou rexeitamento das alegacións, a listaxe definitiva das respostas correctas do cuestionario do primeiro exercicio pasa a ser a recollida na páxina seguinte.

Mudáronse as respostas correctas das preguntas 43 e 46 e anuláronse as preguntas 48 e 77, pasando a formar parte do exercicio as preguntas de reserva 1 e 2.

Efectuada a corrección dos exercicios coa listaxe final das respostas correctas, dase traslado das cualificacións finais neste primeiro exercicio da fase de oposición das persoas que resultaron aptas (daquelas que de acordo coas bases obtiveron unha puntuación de 19,5 puntos ou superior):

DNI	APELIDOS E NOME	ACERTOS	ERROS	BRANCOS	PUNTUACIÓN	Apto Si/Non
***8761**	IGLESIAS FERNANDEZ, ARACELI	79	9	12	22,80	APTO
***6243**	SOBRINO SUAREZ, CARLOS	72	18	10	19,80	APTO

Achégase a este anuncio como ANEXO o extracto da acta do Tribunal cos acordos sobre as alegacións.

O Tribunal comunicará nos próximos días a data e o lugar do segundo exercicio:

A Coruña, a data da sinatura electrónica do presente documento.

O Secretario do Tribunal



# Concello da Coruña

## TEST

PREGUNTA	RESPOSTA
1	B
2	D
3	C
4	C
5	C
6	B
7	A
8	D
9	C
10	A
11	C
12	D
13	C
14	D
15	C
16	D
17	D
18	D
19	C
20	A
21	D
22	A
23	B
24	C
25	C
26	A
27	D
28	A
29	C
30	D

PREGUNTA	RESPOSTA
31	C
32	D
33	A
34	A
35	B
36	A
37	B
38	D
39	C
40	C
41	B
42	D
43	<del>D</del> C
44	C
45	C
46	<del>C</del> B
47	C
48	ANULADA
49	A
50	D
51	C
52	C
53	A
54	A
55	B
56	C
57	A
58	D
59	A
60	B

PREGUNTA	RESPOSTA
61	D
62	D
63	C
64	B
65	B
66	C
67	D
68	C
69	A
70	C
71	A
72	D
73	B
74	B
75	A
76	D
77	ANULADA
78	A
79	D
80	B
81	C
82	A
83	C
84	A
85	A
86	A
87	C
88	D
89	C
90	C

PREGUNTA	RESPOSTA
91	A
92	D
93	D
94	B
95	A
96	D
97	C
98	C
99	B
100	A

## RESERVA

PREGUNTA	RESPOSTA
1	B
2	B
3	D
4	B
5	B
6	D
7	B
8	D
9	B
10	A

En cor vermella as preguntas anuladas.  
 En cor verde as preguntas que mudaron a resposta correcta.



## ANEXO

### EXTRACTO DA ACTA 4 DO TRIBUNAL DO 11.10.2024:

- Pregunta 43.

Unha das alegantes considera que a resposta sinalada como correcta, a resposta D, non o é, sendo a resposta correcta a da letra C. O Tribunal verifica que efectivamente tivo un erro ao transcribir na listaxe das respostas correctas a letra D como tal cando tiña que ser a letra C.

Analizada a alegación, o Tribunal acorda por unanimidade ESTIMALA e cambiar a resposta considerada como correcta.

- Pregunta 46.

As dúas alegantes consideran que a resposta sinalada como correcta, a resposta C, non o é, sendo a resposta correcta a da letra B. O Tribunal verifica que efectivamente tivo un erro ao transcribir na listaxe das respostas correctas a letra C como tal cando tiña que ser a letra B.

Analizada a alegación, o Tribunal acorda por unanimidade ESTIMALA e cambiar a resposta considerada como correcta.

- Pregunta 47.

Unha das alegantes considera que a resposta sinalada como correcta, a resposta C, recolle parcialmente o contido do artigo 13 do RDL 6/2015 ao que fai referencia a pregunta, dando a entender que a prohibición de utilizar cascos ou auriculares é total, cando non é así á vista das excepcións que o propio artigo recolle.

Analizada a alegación, o Tribunal considera que as excepcións recollidas no artigo 13.3 non alteran o sentido nin condicionan a elección da resposta correcta, xa que todas as demais respostas non teñen cabida no literar do artigo sobre o que se está a preguntar.

O Tribunal acorda por unanimidade NON estimar a alegación.

- Pregunta 48.

Unha das alegantes entende que para responder á pregunta é necesario coñecer a normativa donde figura a definición do que é “un tramo de gran pendiente”. A pregunta ten cabida no artigo ao que fai referencia, o 24.2 do RDL 6/2015, pero a definición do que é un tramo de gran pendiente está recollida no artigo 63 do RD 1428/2003 do 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, norma que non está incluída no temario.

Analizada a alegación, o Tribunal acorda por unanimidade ESTIMALA e anular a pregunta que será substituída pola primeira pregunta de reserva.

- Pregunta 59.

Unha das alegantes entende que a formulación da pregunta contén unha afirmación “universal” e non específica da contorna nacional e que polo tanto a pregunta non é correcta e procede a súa anulación.

O Tribunal entende que a guía do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) á que fai referencia a pregunta, recolle unha relación de casos específicos de implantación de sistemas de bicicletas públicas en Europa e en España e nada ten que ver como estruturouse o contido desta guía coa definición (sexa esta universal, europea, española, galega ou coruñesa) que estase a dar aos tipos de sistemas de bicicletas públicos obxecto da pregunta.

Analizada a alegación, o Tribunal acorda por unanimidade NON estimala.

- Pregunta 77.

Unha das alegantes entende que ningunha das respostas é correcta, xa que na que se considerou como certa, a resposta D, detectou un erro de redacción ao dicir que o fin inmediato das marcas viais é: “D. Aumentar a seguridade, eficacia e seguridade da circulación” cando de acordo co literal da Norma de



# Concello da Coruña

carreiras 8.2-IC do MOPU, o que tiña que dicir é aumentar a seguridade, eficacia e **comodidade** da circulación.

É certo que se produciu un erro de transcripción e repetiuse a palabra “seguridade”.

O Tribunal entende que a realidade é que coa redacción do exercicio ningunha das respostas sería correctas e por elo acorda por unanimidade ESTIMAR a alegación anulando a pregunta que será substituída pola segunda pregunta de reserva.

- Pregunta 87.

Unha das alegantes entende que a resposta correcta é a da letra A e non a da letra C que é a que rocolle a listaxe de respotas correctas. Entende que o que caracteriza a unha válvula de ventosa é a posibilidade de purgar o aire acumulado nos puntos altos das tuberías tal e como moitos fabricantes indican como funcións principais destas válvulas.

A pregunta ten a súa cabida no contido do tema 56 da parte específica: “*Redes de abastecemento de auga: Estrutura xeral das redes de abastecemento urbano. Elementos e características. Criterios de deseño e dimensionado.*”

O Tribunal entende que o contido deste tema recolle o esencial das Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia (ITOGH), dispoñible e visible na web de Augas de Galicia ([https://augasdegalicia.xunta.gal/seccion-tema/c/Obras\\_AHG\\_Abastecemento?content=/Portal-Web/Contidos\\_Augas\\_Galicia/Seccions/itohg/seccion.html](https://augasdegalicia.xunta.gal/seccion-tema/c/Obras_AHG_Abastecemento?content=/Portal-Web/Contidos_Augas_Galicia/Seccions/itohg/seccion.html)), instrucións nas que en relación ás ventosas se di que “...realizan basicamente dúas funcións, que son a expulsión do aire (de modo *masivo no enchido da conducción, ou de modo gradual durante o funcionamento cotián*) e o permitir a entrada de aire para limitar as presións negativas durante o baleirado da conducción ou durante transitorios...” (Páxina 5 da denominada “ELEMENTOS SINGULARES EN SISTEMAS DE ABASTECIMIENTO (ABA-2/1)”).

Analizada a alegación, o Tribunal acorda por unanimidade NON estimala.

- Pregunta 99.

Unha das alegantes entende que procede a anulación da pregunta porque o manual a o que fai referencia, manual “Calmar o tráfico” non está dispoñible para a súa consulta.

O tema nº 71 da parte específica do temario titúlase “**Calmar o tráfico (Ministerio de Fomento, 2008). Fundamentos.**” O dito manual pode ser descargado de modo libre e de balde da web do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible no seguinte enlace, activo a data da reunión deste Tribunal: “<https://publicaciones.transportes.gob.es/calmar-el-trafico--pasos-para-una-nueva-cultura-de-la-movilidad-urbana->”

Analizada a alegación, o Tribunal acorda por unanimidade NON estimala.

- Pregunta 100.

Unha das alegantes entende que procede a anulación da pregunta porque o manual a o que fai referencia, manual “Calmar o tráfico” non está dispoñible para a súa consulta.

O tema nº 72 da parte específica do temario titúlase “**Calmar o tráfico (Ministerio de Fomento, 2008). Técnicas de calmado do tráfico.**” O dito manual pode ser descargado de modo libre e de balde da web do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible no seguinte enlace, activo a data da reunión deste Tribunal: “<https://publicaciones.transportes.gob.es/calmar-el-trafico--pasos-para-una-nueva-cultura-de-la-movilidad-urbana->”

Analizada a alegación, o Tribunal acorda por unanimidade NON estimala.

Xa que varias das alegacións foron aceptadas, o Tribunal aproba o novo cadro de respostas correctas do primeiro exercicio, no que se varían as respostas correctas das preguntas 43 e 46 que pasan a ser respectivamente a C e a B, e anula as preguntas 48 e 77, pasando a formar parte do cuestionario as preguntas de reserva 1 e 2.”